

MINISTERIO TRANSFORMACIÓN DIXITAL
E DA FUNCIÓN PÚBLICA
Grupo Técnico de Prevención de Riscos Laborais,

18/9/2024

Hoxe constituíuse o grupo técnico de prevención de riscos laborais no ámbito do Ministerio. Achegamos información do tratado:

Acordouse o texto do protocolo de acoso laboral no ámbito do Ministerio. Está pendente a súa aprobación formal.

Recoñecementos médicos. O Ministerio apenas ten orzamento e ten pensado facer o recoñecemento básico a finais de ano . En canto a MUFACE, estase facendo sen que existan incidencias.

Avaliacións de Riscos. Nas Xefaturas Provinciais de Inspección de Telecomunicacións de Galicia non se fixo ningunha porque o servizo de prevención considerou outras provincias máis prioritarias por levar máis tempo sen facelas.

No caso de MUFACE, a CIG lembrou que xa puxera de manifesto no seu momento que a avaliación feita en Vigo non cumpre cos requisitos necesarios. Segundo a representante dese organismo, vannos contestar ás nosas cuestións en breve.

A CIG tamén pediu que se fixera a medición de gas radón nas oficinas de Galicia. Este gas é canceríxeno e Galicia é unha zona onde os niveis de gas son especialmente altos.

No caso da oficina delegada de Vigo, dado que está situada nun local compartido con Correos, o servizo de prevención de MUFACE vai contactar con eles para saber se xa se fixo a medición e de non estar feita, farase ao igual que no resto de oficinas. De todos os xeitos, non concretaron datas polo que haberá que volver a incidir neste punto.